

## CGT Pontevedra: 1 D, Manifestación pola sentenza do Prestige

CGT ? Pontevedra, a Plataforma cidadá Nunca Mais e outras organizacións sindicais, sociais e políticas convocan en Pontevedra unha manifestación para o día 1 de decembro, en protesta pola burla e inxustiza que supón a sentenza do Prestige. Sabemos moi ben que nunca xamais foron os xuíces nin os Tribunais de Xustiza quen de facer xustiza verdadeira, pero esta sentenza a máis de inxusta, ofende a dignidade de todas aquelas persoas que sufrimos e loitamos contra a marea negra do Prestige e os seus responsables. A manifestación sairá da Praza da Ferrería, ás 12 da mañán.

CGT-Pontevedra, Comité Local